



ASUNTO: DECRETO IMPRESION DOCUMENTOS A ESTUDANTES EMPADRONADOS NA CIDADE

DECRETO

Logo de ver que con data 14 do presente mes de marzo, pola Presidencia do Goberno de España, ditouse o Real Decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 que tivo como unha das súas consecuencias a suspensión da actividade escolar, de forma presencial.

Non obstante nos centros educativos, dos distintos niveis, se articularon fórmulas docentes, mediante sistemas telemáticos, de forma que os alumnos e alumnas non vexan interrumpida, de forma drástica, a súa formación. Estas fórmulas telemáticas levan aparelado que os contidos docentes lles sexan remitidos aos alumnos e alumnas mediante arquivos telemáticos polo sistema “on line”. Elo conleva a necesidade, en moitos casos, de que ditos arquivos telemáticos sexan transformados en papel, co que os estudantes podan ter os seus contidos dun xeito máis cómodo para a súa aprendizaxe.

Visto o escrito recibido nesta Alcaldía relativo á falta de medios de impresión por parte dos/as estudantes deste Municipio, como ben sendo habitual, dende o inicio do estado de alarma, este Concello amosa o seu apoio a tódolos cidadáns poñendo a súa disposición os medios cos que conta o Concello para tratar de minimizar as consecuencias derivadas da crise sanitaria que estamos a padecer.

Por todo elo, en uso das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, esta Alcaldía **RESOLVE**:

Primeiro.- Establecer un servizo de impresión de material para todos/as estudantes empadronados/as en Monforte de Lemos que se realizará baixo a dependencia do Xefe dos Servizos á Cidadanía.

Segundo.-Establecer que os/as demandantes deste servizo envíen ao correo electrónico impresionciudadania@concellodemonforte.com, do Departamento de Servizos á Cidadanía, os arquivos para a súa impresión cos seus datos personales e un número de teléfono para poñerse en contacto para a recollida dos documentos impresos.

Terceiro.- Publicar o presente decreto na páxina web do Concello.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 06/04/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 06/04/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/04/2020 13:56:55





O ALCALDE

O SECRETARIO

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 06/04/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 06/04/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/04/2020 13:56:55

